

SACAPENAS

Texto e ilustracións de **ANTHONY BROWNE**

Tradución de **CHEMA HERAS** e **PILAR MARTÍNEZ**

Encadernado en cartón. 25 x 27 cm. 32 páx. 17 €

Inclúe un boneco sacapenas de Comercio Xusto

PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL PORTUGAL)

Sacapenas (galego)

ISBN 978-84-8464-585-6. Álbum ilustrado. Tras os montes.

Quilapenas (castelán)

ISBN 978-84-1343-329-5. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

Menjacabòries (català)

ISBN 978-84-8464-707-2. Àlbum iIllustrat. Clàssics contemporanis.

Kezkamuxelak (euskara)

ISBN 978-84-9172-018-8. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

As preocupações do Billy (português)

ISBN 978-972-8781-49-1. Álbum ilustrado. Clássicos contemporâneos.

Bieito sempre estaba preocupado.

Bieito preocupábase por moitas cousas...

Preocúpase polos sombreiros e preocupábase polos zapatos.

Bieito preocupábase polas nubes, pola chuvia


e ata polos paxaros xigantes...

Os medos e as inquietudes da infancia, nun relato de superación.

Os bonecos sacapenas son o emblema deste clásico de Anthony Browne que nos adentra nunha cultura ancestral. Dende tempo inmemorial as nenas e os nenos de Guatemala fábrícanos con paucións e restos de teas e fíos; á hora de deitarse cóntanlles unha preocupación a cada un e póusanos debaixo da almofada para, ao día seguinte, espertar sen inquedanzas.

Anthony Browne crea un relato cheo de misterio, acompañado dunhas ilustracións que reforzan esa atmosfera enigmática. Nas escenas de tensión os medos de Bieito represéntanse nunha escala de grises que potencia a sensación de intriga e inseguridade. Pola contra, a calma e o colorido enche o resto das páxinas, principalmente onde os sacapenas están presentes, incrementando o efecto beneficioso dos bonecos para o desenlace da historia.

O estilo do autor destaca polo realismo das imaxes, o detallismo co que representa a figura humana, a expresividade dos personaxes e a presenza de referencias pictóricas. Os momentos agradables na vida de Bieito acontecen no marco de estampas familiares que achegan un ambiente tranquilizador. Mais cando o asaltan as súas teimas, xorden formas de inspiración onírica e surrealista. A súa avoa daralle o remedio a tanto desasosiego.



- **Temática:** remedio para os temores e as preocupacións.
- **Idade recomendada:** dende 3 anos.
- **Aspectos destacables:** orixe dos bonecos sacapenas; ilustracións realistas con elementos imaxinarios; afrontar os medos, axudar os demais; noite; familia, afectos; diversidade, cultura tradicional de Guatemala; do autor de «Cousiña linda», «Ernesto o elefante», «O libro dos porcos», «No bosque», «Un paseo polo parque», «Que tal estás?» e «Un gorila, un libro para aprender a contar».
- **Avance do libro:**
<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/sacapenas-g>

Anthony Browne

(Sheffield, Inglaterra, 1946)

Autor e ilustrador inglés. Graduado no Leeds College of Art, especializouse en deseño gráfico. A súa dedicación á ilustración infantil corresponde á súa etapa como deseñador de tarxetas de felicitación. O seu estilo revela un interese polos pintores surrealistas, as escenas oníricas e a introdución de elementos estranhos nas ilustracións. Entre os galardóns que recibiu ao longo da súa traxectoria destacan a Medalla Kate Greenaway, o premio Kurt Maschler e a Medalla Children's Laureate 2009. Por riba de todos figura o Premio Hans Christian Andersen no ano 2000 polo conxunto da súa obra. Foi o primeiro británico en obter esta distinción, dende 1956. É un dos autores de maior prestixio pola súa contribución ao desenvolvemento de novas formas de ler, ver e relacionarse coa linguaxe plástica. A crítica di do seu traballo que crea un universo cheo de referencias culturais e artísticas, pistas visuais e claves que valoran a intelixencia do lector para completar e interpretar o texto, independentemente da súa idade.

<http://www.anthonybrownebooks.com>

www. **Kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

